

A ANTIGA GRECIA

A civilización grega xurdiu no sur da península balcánica. Desde alí estendeuse polas illas dos mares Exeo e Xónico, as costas de Asia Menor (actual Turquía) e o Mediterráneo occidental. O pobo grego referíase a este conxunto de terras como a Hélade. A antiga Grecia non constituíu un estado unificado, senón que cada val e cada illa formaban un estado independente. Estes pequenos estados compartían a mesma lingua, costumes e adoraban as mesmas divindades.

A proximidade ao mar e a súa situación como punto de unión entre Mesopotamia, Exipto e o resto de Europa converteu os antigos gregos en navegantes e comerciantes.

As súas orixes están e dúas civilizacións que se desenvolveron na Idade dos Metais, a cretense ou minoica, e a micénica. Tras a desaparición desta última, a antiga Grecia atravesou unha época escura. Logo, houbo tres etapas nas que nos vamos centrar: Arcaica, Clásica e Helenística.

A época Arcaica

A partir do século VIII aC, os habitantes de Grecia agrupáronse en **polis**, que eran cidades-Estado cun goberno, cunhas leis e cun exército propios. Na parte urbana das polis destacan a acrópole (recinto elevado cos principais templos) e a ágora (praza pública).

En época arcaica as polis eran gobernadas polos máis ricos. Esta minoría privilexiada denomínanse a si mesmos *aristoi*, que significa “os mellores”. Daí ven a palabra aristocracia. Nalgunhas polis implantáronse tiranías ou sistemas de goberno en que unha soa persoa concentra todos os poderes do Estado.

A finais desta época., Grecia viviu unha etapa de crise. Houbo revoltas populares contra os aristoi e os tiranos. Do proceso destas revoltas xurdiron democracias como a Ateniese.

Estas crises tamén fixeron que moitos gregos emigraron e fundaron colonias polo Mediterráneo. Eran comunidades independentes, pero mantiñan a organización das polis de que procedía a súa poboación. Estas colonias eran comunidades independentes, aínda que mantiñan as divindades, os costumes e a organización da polis de que procedía a súa poboación (metrópole).

A época clásica

Caracterizouse pola superioridade de dúas polis, Atenas e Esparta, e pola sucesión de guerras.

En Atenas implantouse a **democracia**, que significa “goberno do pobo”. Nas democracias a principal institución é a asemblea, que ten moito poder. Tamén existían maxistrados que executaban as decisións da asemblea. Pericles foi un maxistrado importante, que aumentou o poder das asembleas e encargouse da reconstrución da Acrópole, destruída nas guerras médicas. Só os cidadáns podían participar na vida política. As mulleres, os escravos e os estranxeiros non eran considerados cidadáns.

O sistema de goberno de Esparta foi a oligarquía (goberno duns poucos). Tiña unha monarquía con dous reis. Aínda que tiña unha asemblea de cidadáns, esta tiña pouco poder.

As **guerras médicas** enfrentaron ao imperio persa (que incluía mesopotamia, exipto e Asia Menor) coas polis gregas. As polis situadas en Asia Menor rebeláronse contra os persas, e o resto das polis, lideradas por Atenas, acudieron a súa axuda. Estas guerras remataron co triunfo grego.

Tras as guerras médicas contra os persas na metade do século VI a.C. Atenas adquiriu un gran prestixio. A tensión con Esparta provocou a **guerra do Peloponeso**. Un longo conflito que rematou ca vitoria de Esparta.

A época helenística

A guerra do Peloponeso debilitou as cidades-Estado gregas e facilitou o ascenso de Macedonia, un reino ao norte de Grecia. A mediados do século IV aC, o rei Filipo II de Macedonia someteu as polis gregas. O seu fillo, Alexandre Magno, conquistou o Imperio Persa e creou un vasto imperio, en que impuxo a lingua, a cultura e a arte gregas. Esta difusión da cultura grega denomínase helenismo. Tras a súa morte no ano 323 a.C. , o imperio dividiuse en reinos (monarquías helenísticas) donde se mixturaron as costumes locais cas gregas.

Sociedade

Organizouse en dous grupos:

Cidadáns: eran unha minoría. Participaban na vida política e gozaban de todos os dereitos.
Persoas non cidadás: non participaban na vida política. Eran os estranxeiros, os escravos e as mulleres (xa fosen libres ou escravas)

Economía

A agricultura (trigo, vide e oliveira principalmente), a artesanía e o comercio eran as actividades principais.

Era importante o papel das cidades, principais centros de decisión política e de comercio.

As crenzas

A sociedade grega era politeísta. Zeus era o deus principal.

Os ritos relixiosos levábanse a cabo no fogar, nos santuarios e nos templos. Estes últimos, de pedra e con teitos planos sostidos por columnas, seguían unhas regras denominadas ordes (dórica, xónica e corintia).